

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE XULLO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de xullo de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, en substitución o vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. URBANISMO.- Acórdase aprobar o convenio urbanístico entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a recuperación e posta en valor do Pazo de Dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase aprobar a licenza urbanística para construción de edificio composto por dúas plantas soto para 17 prazas de aparcadoiro e 12 rochos, planta baixa para local sen uso definido e accesos, e seis plantas altas para 11 vivendas na parcela D4 - Polígono Augas Férreas (expte: 2022/Y001/000064).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado naa contratación do alugamento dunha fonte expendedora de auga potable e outras subministracións para o persoal do recinto do cemiterio de San Froilán e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2024-C004-000014-

Taméns e acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6207480615099019241.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-7-2024

procedemento aberto na contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. ref. 2024-C003-000015.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de humanización do Carril dos Loureiros e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2024/C002/000007.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da subministración - mediante cinco lotes - da loxística (medios técnicos e humanos) e prestación de servizos varios para a produción dos eventos escénicos nas festas patronais de San Froilán 2024 e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref.2024-C004-000017.

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Bioleibol Lugo, de deporte e nutrición saudable"; no Concello de Lugo, ano 2024.

5. PERSOAL.- Acórdase a resolución da convocatoria do proceso por libre designación da xefatura do Servizo de Arquitectura, en execución da sentenza 00238/2024 ditada polo T.S.X.Galicia contencioso-administrativo Sec.1-A Coruña-de 10 de abril de 2024.

Tamén se acorda o nomeamento en comisión de servizos no posto de xefe/a do servizo de licencias.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.